



## *Rosa Cedrón (Agosto de 2012)*

*Moi boas noites a todos.*

*Para min é un privilexio poder estar aquí hoxe como pregoeira das festas patronais de Monforte de Lemos 2012.*

*Ante todo quero dar as gracias ao noso Alcalde e a nosa Concelleira de Cultura por facer posible que este ano, sexa eu a que se dirixa a todos vos nesta noite tan especial para dar comenzo ás festas.*

*Eu son monfortina. Nacín unha noite de outubro na rúa do Comercio. Axudoume a entrar neste mundo o mesmo home que 20 anos antes axudara a nacer á miña nai, o Tacho.*

*E aínda que non quedamos a vivir en Monforte, ano tras ano, cada pouquiño tempo, regresábamnos á casa dos meus avós, na rúa das Hortas.*

*E cada verán, chegaba o máis esperado, Agosto, o mes das festas. Disfruteínas como nena ... como adolescente ...*

*Co paso do tempo tiveren ocasión de viaxar polo mundo enteiro, algunhas veces por*



*pracer, e a meirande parte, por traballo, precisamente de celebración en celebración, de festa en festa, sendo cada vez máis consciente de que na esencia de cada pobo, de cada vila e de cada cidade, están as nosas tradicións e as nosas xentes, e de que as festas, como en Galicia, como en Monforte, non se viven en ningunha parte.*

*A estas alturas do pregón xa teredes claro que este non vai a ser nin tan poético, nin tan reivindicativo nin tan longo como outros, pois eu son muller máis de cantar que de falar.*

*A música é a miña paixón, a miña vida, e foi precisamente aquí onde, da man do meu avó, do meu tío e da miña nai, aprendín a amala profundamente.*

*Vais a onde vaia, sempre digo que tiveren a sorte de nacer nunha terra na que a música está presente por todas partes.*

*Unha cidade onde se crearon escolas de gaitas, de danza tradicional, de corda, de acordeón, onde hai un conservatorio profesional, unha escola de música, unha coral polifónica, unha banda de música, unha orquestra de jazz, banda e grupos de gaitas, e onde os grupos de música tradicional e as rondallas conviven coas bandas de*



*Rock & Roll, é, sen dúbida, unha cidade que ama a música.*

*Este está a ser un ano particularmente duro. E máis que nunca, como Monfortina, non quero marchar sen agradecer a Severino, a Pilar e a toda a xente que traballa con eles, o tremendo esforzó que están a facer para que, a pesar da situación económica actual, e dentro da austeridade que tal panorama require, os monfortinos non só non nos quedemos sen as nosas festas, senón que ademáis teñamos unha programación máis que digna, na que non falta absolutamente de nada, e na que poidamos participar todos. De seguro que as disfrutaremos máis que nunca!*

*Teremos concertos, verbenas, xogos infantís, xigantes e cabezudos, charangas, maxia, grupos de gaiteiros, teatro para os máis pequenos, bailes para os nosos maiores, bandas de música, a ofrenda floral á nosa patrona, mostra de danzas e música tradicional, as barcas engalanadas e os fogos dende a Terra da Homenaxe. Para tódolos gustos e para tódalas idades.*

*Se mo permitides, antes de rematar, quero aproveitar esta ocasión, que outra mellor non terei, para rendirlle a miña pequena e humilde homenaxe ós dous seres*



*máis maravillosos do mundo, o Pepe e a Rosita, os meus avós, do único xeito que sei ... cantando ...*

*"Terra dos meus avós,*

*onde naceron meus país,*

*terra dos meus avós*

*non quero de aquí marchar,*

*non quero de aquí marchar ..."*

*Felices Festas Patronais 2012 ;!!*

*Disfrutádeas e axudade a que perduren!*

*Rosa Cedrón*